

**V CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO  
"CONCELLO DE LOURENZÁ" - 2023**

**BASES**

**1.- A Concellería de Cultura do Concello de Lourenzá (Lugo) convoca o V CERTAME DE TEATRO AFECCIONADO "CONCELLO DE LOURENZÁ"**

**2.- Poderán participar unicamente compañías ou grupos de teatro afeccionado e que superen un proceso previo de selección, admitíndose calquera tipo de xénero e empregando preferentemente a lingua galega en calquera das súas variantes dialectais.**

**3.- Os grupos interesados en participar deberán inscribirse ben nas oficinas municipais do Concello de Lourenzá o ben por correo, enviando a seguinte documentación:**

- Ficha de inscrición, que aparece na páxina web do Concello.**
- Fotocopia do CIF do grupo ou compañía.**
- Ficha artística e técnica.**
- DVD, pendrive ou tarxeta coa gravación dunha representación da obra presentada a concurso.**

**Esta documentación enviarase á seguinte dirección:**

**Concello de Lourenzá  
(V Certame de Teatro Afeccionado)  
Praza do Conde Santo, s/n  
CP 27760 Lourenzá (Lugo)**

**4.- O prazo de presentación das solicitudes comezará ao día seguinte da publicación destas bases na web do Concello e rematará o día 29 de setembro de 2023.**

**5.- As representacións terán lugar no edificio multiusos “Ponte de Cuñas” os sábados e domingos do mes de novembro, establecéndose un máximo de oito (a organización, en función da calidade das obras, poderá modificar o número de representacións). O horario será establecido pola organización.**

**6.- No mes de decembro terá lugar a entrega de premios nunha gala na que haberá unha representación teatral ou musical profesional. Para cada premio o xurado seleccionará tres nominados. Será na gala cando se coñeza o gañador de cada categoría. A nominación será comunicada pola organización aos interesados. Á gala final deberán asistir todos os nominados/as ou os representantes nos que deleguen.**

**7.- O Concello nomeará un xurado independente que presidirá o edil de Cultura ou a persoa na que delegue. O fallo do xurado será inapelable.**

**8.- Cada grupo ou compañía de teatro seleccionado recibirá a cantidade de 350 euros en concepto de participación, desprazamento, montaxe, etc. (Para percibir a citada cantidade, a compañía ou grupo deberá presentar factura).**

**9.- Establécense os seguintes premios:**

- Premio “Conde Santo” á mellor representación: 750 € e trofeo.**
- Premio “Lourenzo” ao mello actor: trofeo.**
- Premio “Ana” á mellor actriz: trofeo.**

- Premio ao mellor actor de reparto: trofeo.
- Premio á mellor actriz de reparto: trofeo.
- Premio á mellor posta en escena: trofeo.
- Premio especial do público: trofeo.

O xurado, de acordo coa organización, poderá establecer algún premio máis se o considerara oportuno.

10.- Os medios técnicos necesarios para a representación correrán a cargo dos participantes.

11.- A xestión e pago á SGAE polos dereitos de autor (se os houbera) correrán a cargo do grupo ou compañía participante no certame.

12.- O Concello poderá cobrar unha entrada simbólica en cada representación, que en todo caso aprobará a Xunta de Goberno Local.

13.- Calquera circunstancia non prevista nas presentes bases será resolta de maneira inapelable pola Organización.

14.- Teléfono de contacto: 982121006 (M.<sup>a</sup> José)

**ORGANIZA:**



**CONCELLO DE LOURENZÁ**